



ROCÓDROMO MUNICIPAL DO CRISTO
CONCELLO DE MUGARDOS

NORMAS DE USO

1. Para facer un uso particular do rocódromo é necesario ter autorización.
2. Esta autorización é persoal e de carácter anual e para obtela é necesario:
 - Estar en posesión da licencia federativa ou de un seguro privado que cubra deportes de escalada.
 - Cubrir e asinar a solicitude de acceso, no que o solicitante asegura ter os coñecementos necesarios para a practica da escalada e asume os riscos da actividade.
 - En caso de menor de idade, tamén unha autorización dos pais ou titores legais.
3. O formulario para solicitar o uso do rocódromo se pode retirar na OMIX ou descargar da web do Concello (www.concellodemugardos.gal) ou da AME Bestarruza (www.bestarruza.com). Unha vez cuberto e asinado debe entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Mugardos ou remitirse por correo electrónico a deportes@concellodemugardos.gal
4. Os menores de idade deberán estar en presenza dun monitor ou adulto responsable.
5. O horario de uso do rocódromo é o do pavillón (días laborables de 16:00 – 22:30) previo aviso ao persoal encargado da instalación que permitirá o uso libre do rocódromo sempre e cando non exista unha actividade deportiva, cultural ou de mantemento das instalacións que poda interferir na práctica da escalada como (fútbol sala, tiro con arco, festivais, tarefas de limpeza, obras menores...)
6. Tras utilizar o rocódromo é obrigatorio deixar as colchonetas recollidas.
7. O rocódromo é un muro de escalada deseñado para a escalada e non é un equipamento de campo de xogo para outros deportes

8. O uso do rocódromo de escalada é similar ao da escalada nun entorno natural, débense usar técnicas e elementos de protección propios da escalada deportiva, así coma colchonetas de protección individual e colectivas no caso de ser necesarias.
9. O número de escaladores permitido escalando á vez é de 3 , no caso de que coincidan máis escaladores deberán rotarse no uso cada 30 minutos.
10. Non escalar por debaixo da vertical doutro escalador.
11. Non acceder á superficie superior da instalación quen non estea habilitado para elo.
12. No caso de apreciar algún elemento do rocódromo de escalada en mal estado ou defectuoso poñerse en contacto co responsable do Pavillón.
13. Non esta permitido o cambio das presas sen autorización.
14. O usuario do rocódromo empregará o seu material de seguridade que estea certificado CE, para esta actividade.
15. Para os aspectos non recollidos aplicarase o Regulamento do polideportivo municipal BOP 119 de 1995 de 26 de maio.

MAIS INFORMACIÓN EN:

CONCELLO DE MUGARDOS. OMIX . TELF. 981 470 338 ext 1
deportes@concellodemugardos.gal

AGRUPACIÓN DE MONTAÑA E ESCALADA BESTARRUZA. bestarruza@gmail.com